



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Asunción:

Contos sobre ladróns, a Santa Compañía e encantos ata 9:00

A muller do zapateiro
por ben bonita que sea
ten os dentes neghros
de tirar pola correa.

La rueda de un coche
un niño mató,
la virgen del Carmen
lo resucitó.

-Eu destas sabía así moitas, pero... un niño dios, está acucurradiño, ao pé de seus pais... pero no me acuerdo como é. Pequeniño... e non sei que non se ten de pé. Non sei... eu vou cantar unha calquera.

-Claro.

Costureiriña bonita,
onde te-la túa cama?
No puleiro das ghaliñas
cunha madiña de palla.

No tengo padre
ni tengo madre
ni tengo nadie que me quiera a mí.
Solito tengo
yo un amor-fine
que día y noche suspira por mí.

-Está bonita.

-Non ves? Resbálanme os dedos.

-Claro, eso non resbala.

-Non ves? Resbálanme, e tocaba ighual as ferreñas.

Instrumental

-Pero se fixera así tocaba, tocaba máis rápido.

-Canta.

Instrumental e cantado

Este pandeiro que toca
non é meu que é de María,
inda onte comeu...



Este pandeiro que toca
éche de coiro d' ovella,
inda onte comeu herba,
hoxe toca que rabea.

-Acabouse. (Segue tocando.)

-Y canta? Canta unha.

-Que va, non sei. Non sei, non sei cantar.

Dende 11:10 ata 11:58, conto sobre meigas

Neno de Sabrexo:

...acucurradiño ao pé de seus pais
e máncano as pallas en que está deitadiño
i o noso pecado inda o manca máis.
O neniño pequeniño
entre unhas pallas se ve,
como o neno é tan pequeno
inda non se ten de pé.

-Como é agora?

-É bonito? A ver, recollede.

Vinde ve-lo neno
que está deitadiño,
acucurradiño
ao pé de seus pais.
E máncano as pallas
en que está deitado
i o noso pecado
inda o manca máis.
O neniño pequeniño
entre unhas pallas se ve
como o neno é tan pequeno
inda non se ten de pé.

Toca o pandeiro Manuel
e que non falte alegría,
que esta noite nacerá Xesús,
fillo da Virxen María.
Ai no portal de Belén
tiña que haber un galego.
Ai no portal de Belén,
fora de Ourense ou de Lugo,
da Coruña ou pontevedrés,
e tiña que estar,
e tiña que haber
algún galeguiño
xunto del recién,
non podía faltar
ningún galeguiño
para aturuxar.

...valor
i as pallas cómeas a mula
mentras escoita no ceu
cantar “Gloria a Dios en las alturas”.



**Museo
do Pobo
Galego**



instituto de
estudos das
identidades